

EXPTE. 2022/G010/000005

**ACTA SESIÓN ORDINARIA
CONCELLO PLENO
26 DE MAIO DE 2022**

Sres./ Sras. Asistentes:

Sr. Alcalde-Presidente:

D. Eduardo J. Parga Veiga

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Miguel Ángel Fernández Mirás

Dna. M^a Soledad Blanco Gorín

Dna. Noelia Freijeiro Novo

Dna. María del Pilar Doldán Pose

D. Walter Pardo Añón

D. Sergio Manuel García Villar

Dna. María Manuela Álvarez Rey

D. José Ángel Garrido Suárez

Dna. Leticia Naya Varela

D. Miguel Ángel Varela Varela

D. Alfredo Cañizo Garrido

Escusa a súa asistencia:

D. Fernando Rodríguez Baldomir

Secretaria:

Dna. M^a Loreto López Fernández

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 20:00 horas do día **vinte e seis de maio de dous mil vinte e dous** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Eduardo J. Parga Veiga, asistidos da Secretaria da Corporación, Dna. M^a Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a interventora da Corporación, Dna. Ana María Iglesias Gato, ao obxecto de celebrar **sesión ordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA

PARTE I: ADOCIÓN DE ACORDOS



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2022.

De acordo co disposto no art. 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión ordinaria (2022/G010/000002) celebrada o día 31 de marzo de 2022** e que estaba pendente de aprobar, non formulándose ningunha observación queda aprobada a mesma.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2022.

De acordo co disposto no art. 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión extraordinaria (2022/G010/000003) celebrada o día 3 de maio de 2022** e que estaba pendente de aprobar, non formulándose ningunha observación queda aprobada a mesma.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO BANCO DE ALIMENTOS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Visto que con data 15/03/2022, desde a Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería, formulouse a correspondente proposta na que se poñía de manifesto a necesidade e conveniencia de elaborar e aprobar unha ordenanza reguladora do Banco de Alimentos do concello, na referida proposta se sinalaban entre outras cuestións: os problemas que se pretendían/pretendían solucionar coa iniciativa e obxectivos da norma; a necesidade e oportunidade da aprobación da ordenanza e inexistencia de solucións non regulatorias. Ademais se sinalaba a necesidade/conveniencia de substanciar unha consulta pública previa á elaboración do proxecto de ordenanza.

Visto que con data 15/03/2022, se ditou a oportuna providencia da alcaldía na que se dispuxo someter a consulta pública previa por un prazo de 20 días hábiles a aprobación da Ordenanza reguladora do Banco de Alimentos do Concello de Malpica de Bergantiños, a través do portal web do concello e a sede electrónica, dándose cumprimento así ao preceptuado polo art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto que os citados anuncios de apertura da consulta pública foron publicados o 18/03/2022.

Visto que durante o prazo de consulta previa, que finalizou o 19/04/2022, non se presentaron “opinións, achegas e/ou suxestións” en relación á ordenanza proposta e demais aspectos da consulta, segundo consta no expediente.

Visto que con data 16/05/2022 se ten emitido o preceptivo informe pola secretaría municipal.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Considerando que o texto da ordenanza dá resposta as cuestións que se pretenden/pretendían solucionar coa iniciativa e aos obxectivos da norma; que se ten xustificade a necesidade e oportunidade da aprobación da ordenanza, e que non existe unha alternativa non regulatoria.

Atendendo, pois, que o concello ten atribuída a potestade para ditar ordenanzas e que a ordenanza obxecto deste acordo cumpre coa legalidade vixente e coa finalidade que se pretende é polo que se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Banco de Alimentos do Concello de Malpica de Bergantiños, cuxo texto figura a continuación.

ORDENANZA REGULADORA DO BANCO DE ALIMENTOS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, a competencia en materia de asistencia social. Por outra banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2 como competencia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que o sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo II do título I da devandita Lei faise referencia ao catálogo de servizos sociais, e concretamente, no artigo 21.2 b) inclúense dentro das prestacións económicas as axudas de emerxencia e necesidade social.

A presente ordenanza ten como obxectivo determinar dunha maneira clara e precisa as condicións de acceso e requisitos para ser beneficiario/a do banco de alimentos municipal; establecer un procedemento estandarizado/regrado para a resolución das axudas solicitadas; establecer o réxime de obrigas e dereitos dos/das beneficiarios/as e o establecemento dun réxime de seguimento pola administración.

Estas cuestións deben ser reguladas por ordenanza xa que os destinatarios (os/as perceptores/beneficiarios/as da axuda) son unha pluralidade indeterminada de persoas, sendo a actuación municipal susceptible de sucesivas aplicacións. Polo tanto, debe ser coñecido de ante man polos potenciais beneficiarios/as as condicións/requisitos de acceso; o dereito que lles asiste de acceder ao banco de alimentos; ser coñecedores dos dereitos/deberes que se derivarán de ser beneficiarios, así como, ser coñecedores dos



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

trámites e o procedemento a seguir por esta administración ata ditar a oportuna resolución e o seguimento que se realizará.

De acordo cos principios de necesidade e eficacia, esta iniciativa normativa se encontra xustificada por unha razón de interese xeral, sendo o instrumento axeitado para solucionar os problemas detectados ao establecer un marco normativo no que se definen os dereitos e deberes dos solicitantes/beneficiarios/as e se establece o correspondente procedemento regrado/estandarizado que permita ditar a oportuna resolución a esta administración, así como, establecer o seguimento que se realizará por esta. Estes aspectos/obxectivos fan que quede descartada unha solución non regulatoria.

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto da presente ordenanza é regular o acceso e requisitos para ser beneficiario do reparto dos alimentos que se reciben varias veces ao ano da Unión Europea, xunto cos que o Concello poida entregar cada quincena.

Artigo 2.- Beneficiarios/as

Poderán beneficiarse das axudas citadas no punto anterior as persoas individuais ou unidades familiares do Concello de Malpica de Bergantiños.

Entenderase por unidade familiar o núcleo de convivencia composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou calquera outra relación análoga de afectividade por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade e afinidade ate o terceiro grao.

Artigo 3.- Requisitos dos/das solicitantes

Os/as solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1.- Ser maior de idade ou menor emancipado/a.
- 2.- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Malpica de Bergantiños de forma ininterrompida ao menos cun ano de antigüidade no momento da solicitude.
- 3.- Acreditar a situación de necesidade de alimentos.
- 4.- Que a unidade familiar non dispoña dos ingresos suficientes para afrontar a cobertura desta necesidade básica, segundo o establecido na táboa que a continuación se presenta.

NÚMERO DE CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	IPREM
2	Ata o 1.25% do IPREM
3	Ata o 1.50% do IPREM
4	Ata o 1.75% do IPREM
5	Ata o 2.00% do IPREM
6	Ata o 2.25% do IPREM



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

7 ou máis	Ata o 2.25% do IPREM
-----------	----------------------

O IPREM de referencia será o IPREM anual formado por 14 pagas.

Para o cálculo teranse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constitúan a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios por calquera outro concepto .

Artigo 4.- Tipoloxía da axuda

As axudas consisten no reparto directo ás persoas ou familias beneficiarias dos alimentos.

Artigo 5.- Incompatibilidades

Ter percibidas, aprobadas ou pendentas de aprobación outras axudas polo mesmo concepto, por parte doutros organismos, entidades ou administracións públicas, que cubran esta necesidade.

Artigo 6.- Procedemento

6.1.-Inicio

O procedemento iníciase mediante impreso de solicitude presentado no rexistro do Concello coa debida documentación relativa a todos os membros da unidade familiar:

Fotocopia do DNI/NIE e/ou do libro de familia se é o caso.

Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos no ano en curso.

Declaración da renda do último exercicio ou certificado de imputación de rendas.

Xustificantes dos ingresos económicos actuais a través de certificados de pensións, nóminas dos últimos doce meses, tarxeta de demanda de emprego e/ou certificado do Servizo Público de Emprego das prestacións por desemprego, extractos das cantas bancarias dos últimos doce meses, etc.

Declaración responsable do solicitante ou membro afectado da unidade familiar na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de ingresos.

6.2.-Instrución

Darase traslado da solicitude ao departamento de servizos sociais onde un/unha traballador/ a social procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo solicitar tanta información considere precisa para o correcto diagnóstico da situación e emitirá un informe social coa valoración correspondente.

No procedemento de valoración, teranse en conta dous factores:

Valoración económica: Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo do solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar.

Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc...) o total dos ingresos anuais dividiranse entre o número de integrantes da unidade familiar obtendo así os ingresos per capita desta.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da unidade familiar pola dita situación.

Valoración social: O órgano instrutor procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, a través das técnicas e instrumentos propios da profesión coa finalidade de emitir un correcto diagnóstico social da situación. Unha vez efectuada a valoración, o/a traballador/a social emitirá informe social coa valoración correspondente.

Artigo 7.- Resolución

O prazo para ditar resolución será de tres meses desde a presentación da solicitude.

A resolución deberá ser notificada ao beneficiario xunto co réxime de recursos correspondente. A notificación cursarase no prazo de dez días a partir da data de resolución no que deberá constar datos identificativos do expediente e a motivación da concesión ou denegación.

Artigo 8.- Repartos

Unha vez se reciban no Concello os alimentos designados a tal efecto, procederase á preparación dos paquetes, por traballadores/as municipais, para a distribución dos mesmos entre os beneficiarios/as do programa, que deberán pasar a recollelos nas datas e horarios segundo se lles notifique.

En casos excepcionais, para aqueles usuarios do programa que xustifiquen importantes dificultades de desprazamento para recoller os alimentos, realizarase un reparto a domicilio, sempre e cando as posibilidades e recursos desde o Concello o permitan.

Artigo 9.- Seguimento

Levarase a cabo un seguimento do programa unha vez ao ano, no último trimestre, no cal enviarase a cada beneficiario un escrito no que se requirirá a documentación necesaria para a comprobación de que segue tendo dereito ao servizo.

Artigo 10.- Obrigas dos/das beneficiarios/as

Os/as beneficiarios/as das axudas estarán abrigados/as a:

- Destinar a axuda ao fin para o que foi concedida.
- Escolarizar aos menores que estean en idade escolar obrigatoria garantindo a súa asistencia ao centro correspondente.
- Non exercer a mendicidade nin a prostitución, nin inducir á practica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia.
- Permitir e facilitar o labor do/a traballador/a social para verificar a súa situación familiar e económica.
- Cumprimento das condicións que se establezan para a concesión das axudas destinadas a superar a situación de necesidade (formación, busca activa de emprego, etc).
- Comunicar ao departamento de servizos sociais as variacións sobrevidas que poidan dar lugar á modificación ou extinción da axuda .



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- No momento da entrega dos alimentos terán a obriga de cargar e/ou descargar os alimentos que lle pertencen, o concello non disporá de traballadores/as para ese fin.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Segundo.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a información pública do mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Durante o período de información pública e audiencia aos interesados, o dereito de información e acceso poderase exercer mediante consulta no Portal de Transparencia do Concello, aloxado na sede electrónica, e nas Oficinas Xerais do Concello.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a ordenanza, no suposto de que non se presenten reclamacións e/ou suxestións ao expediente, no prazo anteriormente citado.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Temos a mesma pregunta que xa fixemos na comisión informativa: por que se cambia o límite de ingresos dunha ordenanza a outra respecto ao IPREM?”

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “É un criterio técnico, no caso do Banco de Alimentos vese máis necesario. Vexo necesario as dúas axudas pero vexo máis necesario a dos alimentos que é unha cousa diaria”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Nós vemos ben que se faga unha regulación do Banco de Alimentos, pero nos imos abster porque non confiamos no voso grupo de goberno, porque sabemos que están utilizando os políticos de turno os coches municipais para levar comida ás casas e nos parece unha política ruín porque se está utilizando unha necesidade das persoas para facer política,

Nós imos abster porque non queremos que se utilice para facer política”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 6 (5 do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro non adscrito) Votos en contra: 0 Abstencións: 6 (4 do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE ARTIGOS DE APOIO TÉCNICO A DEPENDENTES PROPIEDAD DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Visto que con data 15/03/2022, desde a Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería, formulouse a correspondente proposta na que se poñía de manifesto a necesidade e conveniencia de elaborar e aprobar unha ordenanza reguladora da cesión de artigos de apoio técnico a dependentes propiedade do concello, na referida proposta se sinalaban entre outras cuestións: os problemas que se pretenden/pretendían solucionar coa iniciativa e obxectivos da norma; a necesidade e oportunidade da aprobación da ordenanza e inexistencia de solucións non regulatorias. Ademais se sinalaba a necesidade/conveniencia de substanciar unha consulta pública previa á elaboración do proxecto de ordenanza.

Visto que con data 15/03/2022, se ditou a oportuna providencia da alcaldía na que se dispuxo someter a consulta pública previa por un prazo de 20 días hábiles a aprobación da ordenanza reguladora da cesión de artigos de apoio técnico a dependentes propiedade do Concello de Malpica de Bergantiños, a través do portal web do concello e a sede electrónica, dándose cumprimento así ao preceptuado polo art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto que os citados anuncios de apertura da consulta pública foron publicados o 18/03/2022.

Visto que durante o prazo de consulta previa, que finalizou o 19/04/2022, non se presentaron “opinións, achegas e/ou suxestións” en relación á ordenanza proposta e demais aspectos da consulta, segundo consta no expediente.

Visto que con data 16/05/2022 se ten emitido o preceptivo informe pola secretaría municipal.

Considerando que o texto da ordenanza dá resposta as cuestións que se pretenden/pretendían solucionar coa iniciativa e aos obxectivos da norma; que se ten xustificado a necesidade e oportunidade da aprobación da ordenanza, e que non existe unha alternativa non regulatoria.

Atendendo, pois, que o concello ten atribuída a potestade para ditar ordenanzas e que a ordenanza obxecto deste acordo cumpre coa legalidade vixente e coa finalidade que se pretende é polo que se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da cesión de artigos de apoio técnico a dependentes propiedade do Concello de Malpica de Bergantiños, cuxo texto figura a continuación.

ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE ARTIGOS DE APOIO TÉCNICO A DEPENDENTES PROPIEDAD DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, a competencia en materia de asistencia social. Por outra banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2 como competencia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que o sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo II do título I da devandita Lei faise referencia ao catálogo de servizos sociais, e concretamente, no artigo 21.2 b) inclúense dentro das prestacións económicas as axudas de emerxencia e necesidade social.

A presente ordenanza ten como obxectivo determinar dunha maneira clara e precisa as condicións de acceso e requisitos para ser beneficiario/usuario/a da cesión/préstamo de artigos de apoio técnico a persoas dependentes; establecer un procedemento estandarizado/regrado para a resolución das cesións/préstamos solicitados; establecer o réxime de obrigas e dereitos dos beneficiarios/usuarios/as e o establecemento dun réxime de seguimento pola administración.

Estas cuestións deben ser reguladas por ordenanza xa que ten como destinatarios (os/as beneficiarios/usuarios/as da cesión/préstamo dos artigos de apoio técnico) son unha pluralidade indeterminada de persoas, sendo a actuación municipal susceptible de sucesivas aplicacións. Polo tanto, debe de ser coñecido de ante man polos/as potencias beneficiarios/as as condicións/requisitos de acceso: o dereito que lles asiste de acceder a dita cesión/préstamo; ser coñecedores dos dereitos/deberes que se derivarán de ser beneficiarios/usuarios/as da cesión/préstamo dos citados artigos, así como, ser coñecedores dos trámites e o procedemento a seguir por esta administración ata ditar a oportuna resolución e o seguimento que se realizará.

De acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa se encontra xustificada por unha razón de interese xeral, sendo o instrumento axeitado para solucionar os problemas detectados ao establecer un marco normativo no que se definen os dereitos e deberes dos solicitantes/beneficiarios/usuarios/as e se establece o correspondente procedemento regrado/estandarizado que permita ditar a oportuna resolución a esta administración, así como, establecer o seguimento que se realizará por esta. Estes aspectos/obxectivos fan que quede descartada unha solución non regulatoria.

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto da presente ordenanza é regular as condicións e requisitos de uso temporal dos artigos de axuda técnica dos que é propietario o Concello de Malpica.

O Concello opta por destinar o citado mobiliario/artigos para o uso inmediato e provisional do mesmo, a condición de que estea dispoñible, asegurando ás persoas dependentes que presentan unha situación económica con recursos insuficientes para a adquisición deste recurso en beneficio do seu coidado e de mellorarlle a calidade de vida.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Artigo 2.- Beneficiarios/as

Poderán beneficiarse da cesión/préstamo da axuda citada no punto anterior as persoas individuais ou unidades familiares do Concello de Malpica de Bergantiños. Entenderase por unidade familiar o núcleo de convivencia o composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou calquera outra relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco por consanguinidade e/ou afinidade ata o terceiro grao.

Artigo 3.- Requisitos dos solicitantes

Os/as solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1.- Ser maior de idade ou menor emancipado/ a.
- 2.- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Malpica de Bergantiños de forma ininterrompida, ao menos, con un ano de antigüidade no momento da solicitude.
- 3.- Acreditar a situación de dependencia.
- 4.- Que a unidade familiar non dispoña dos ingresos suficientes para afrontar o custe da axuda técnica.

NÚMERO CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ata o 75% do IPREM
2	Ata o 90% do IPREM
3	Ata o 105% do IPREM
4	Ata o 120% do IPREM
5	Ata o 135% do IPREM
6	Ata o 150% do IPREM
7	Ata o 165% do IPREM
8	Ata o 180% do IPREM
9 ou máis	Ata o 195% do IPREM

O IPREM de referencia será o IPREM anual formado por 14 pagas.

Para o cálculo teranse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante e as persoas que constitúan a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas ou subsidios .

Artigo 4.- Tipoloxía da axuda

A axuda consisten en dotar á persoa solicitante da axuda técnica necesaria acorde ao seu grao de dependencia (andador, cadeira de rodas, cama articulada, grúa....)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

As camas serán cedidas sen colchón, sendo asumido o custe do mesmo polo beneficiario.

Artigo 5.- Incompatibilidades

Ter recibido axudas polo mesmo concepto, por parte doutros organismos entidades ou administracións públicas, que cubran esta necesidade.

Artigo 6.- Procedemento

6.1.- Inicio

O procedemento iniciárase mediante impreso de solicitude presentado no rexistro do Concello coa debida documentación relativa a todos os membros da unidade familiar:

- Fotocopia do DNI/NIE e/ou do libro de familia se é o caso.
- Declaración da renda do último exercicio ou certificado de imputación de rendas.
- Xustificantes dos ingresos económicos actuais a través de certificados de pensións, nóminas dos últimos doce meses, tarxeta de demanda de emprego e/ou certificado do Servizo Público de Emprego das prestacións por desemprego, extractos das contas bancarias dos últimos doce meses, etc.
- Declaración responsable do solicitante ou membro afectado da unidade familiar na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de ingresos.

6.2.- Instrución

Darase traslado da solicitude ao departamento de servizos sociais onde un/unha traballador/ a social procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo solicitar tanta información considere precisa para o correcto diagnóstico da situación e emitirase un informe social coa valoración correspondente.

No procedemento de valoración, teranse en conta dous factores:

Valoración económica: Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo indicado con anterioridade, do solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar.

Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc...) o total dos ingresos anuais dividiranse entre o número de integrantes da unidade familiar obtendo así os ingresos *per capita* desta.

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da unidade familiar pola dita situación.

Valoración social: O órgano instrutor procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, a través das técnicas e instrumentos propios da profesión coa finalidade de emitir un correcto diagnóstico social da situación. Unha vez efectuada a valoración, o/a traballador/a social emitirá informe social coa valoración correspondente.

Artigo 7.- Resolución



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O prazo para ditar resolución será de tres meses desde a presentación da solicitude.

A resolución deberá ser notificada ao beneficiario xunto co réxime de recursos correspondente. A notificación cursarase no prazo de dez días a partir da data de resolución no que deberá constar datos identificativos do expediente e a motivación da concesión ou denegación.

Artigo 8.-Dotación do equipo técnico solicitado

Unha vez se reciban no Concello a petición para a cesión/préstamo dos apoios técnicos e sexa avaliada por o/a traballador/a social, un/uns operario/s transportarán á dirección indicada os artigos solicitados, sempre que estean dispoñibles, senón quedará en lista de agarda.

En casos excepcionais, para aquel usuario e/ou convivinte que xustifique importantes dificultades para axudar a carga e descarga dos artigos e a colocación e montaxe dentro da vivenda, realizarano os operarios, sempre e cando as posibilidades e recursos desde o Concello o permitan.

Artigo 9- Seguimento

Levarase a cabo un seguimento unha vez ao ano, no último trimestre, no cal enviarase a cada beneficiario un escrito no que se requirirá a documentación necesaria para a comprobación de que segue tendo dereito ao servizo.

Artigo 10.- Obrigas dos/das beneficiarios/as

Os/as beneficiarios/as da cesión/préstamo estarán abrigados/as a:

Permitir e facilitar o labor do/a traballador/a social para verificar a súa situación familiar e económica.

No momento de que o beneficiario deixe de necesitar o apoio técnico, sexa por melloría, cambio de domicilio a outro municipio, falecemento, etc..., deberá de ser devolto na maior brevidade posible aos servizos sociais municipais.

Responsabilizarse do bo uso do apoio técnico, así como mantelo en óptimas condicións. Se o artigo mostra algunha deficiencia por un mal uso, o concello reservase o dereito de demandar o custe da reparación ou da substitución do mesmo ao beneficiario ou convivinte.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Segundo.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a información pública do mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Durante o período de información pública e audiencia aos interesados, o dereito de información e acceso poderase exercer mediante consulta no Portal de Transparencia do Concello, aloxado na sede electrónica, e nas Oficinas Xerais do Concello.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a ordenanza, no suposto de que non se presenten reclamacións e/ou suxestións ao expediente, no prazo anteriormente citado.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Nós neste punto o que vemos necesario é que se saque o SAF a licitación, que no prego se contemple todo o material que se poida deixar, así os nosos dependentes terán unha mellor atención, sabemos que é máis custoso e máis laborioso pero cremos que o SAF é moi necesario sácalo a licitación.

Tamén, instar á Xunta de Galicia a que pague máis a hora de dependencia, estamos pagando entre 14 e 16 euros e na licitación vai andar sobre os 20 euros. Tampouco é tanto esforzo sacar a licitación e instar á Xunta a que axude aos maiores de Malpica”.

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “A concelleira non lle vai contestar”.

Prodúcese un cruce de intervencións entre os membros da corporación.

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “Sobre o que dixestes da Xunta estás moi mal informado a Xunta subiu os prezos, quen te di que nos os vai volver incrementar dentro de pouco? Sábelo ti? Eu non. Ti sabes cantas horas subvenciona a Xunta en Malpica?, a Xunta non só traballa para os dependentes de Malpica traballa para todos os maiores e dependentes de toda Galicia”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “É o seu traballo, para algo é a Xunta de Galicia que pagamos entre todos”.

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “Estamos de acordo co tema da licitación”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Nós temos feito o estudo económico, vostedes estiveron e nin estudo económico..., vostede está falando de números... de 20 euros, non sei de onde os saca, o estudo económico está feito e non dá esas cantidades, estamos co prego, tamén, sacarémolo rapidamente, como o imos sacar? en principio como o tiñamos previsto, nada máis”.

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “Tanto que falades dos maiores.... e o ano pasado tivestes da Deputación un POS Social que vós veu de 118.000 euros, que cando entrou no mes de setembro este grupo de goberno..., non fostes capaces de gastar nada, houbo que devolver á Deputación da Coruña 80.000 euros, esa foi a vosa xestión”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Entrastes vós no noveno mes”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Non gastastes nada. Non ha máis debate sobre isto, os documentos están aí”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Non o ides sacar a licitación?”



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Ides poñer as camas articuladas...?”

O Sr. Alcalde-Presidente: “Imos sacar o SAF tal e como está e aumentase a prestación”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Vós queredes que nós saquemos o SAF en dous anos, tendo unha pandemia... que non estaba a técnica ...”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Sergio, aquí os estudos económicos os fan os técnicos, non os políticos”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Se poñedes fisioterapia, podoloxía, camas, grúas... sube máis de 20 euros. Se só sacades como está agora sae máis barato”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Sobre que vostedes tiveron unha pandemia e non puideron... é increíble que sigamos con ese sistema, os técnicos estiveron teletraballando, todos. Un técnico económico é Carlos Cruz non é Paulina. Vostedes en dous anos non fixeron nada, os funcionarios do concello seguiron traballando”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Sabes canta xente había en espera cando entramos nós? 160 ou 150, pregunta canta hai agora”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Iso é gracias á Xunta”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Á Xunta e á Deputación, 24.000 horas máis. Sabes o que nos fixo a Xunta cando foi da pandemia deunos unhas horas extraordinarias pola pandemia que non as podiamos gastar”.

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “Como que non as podíades gastar?”

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Non, porque tiñan que ser ... ti non podes dicir que pos unha persoa para coidar e dentro dun mes sacala. O SAF extraordinario polo tema do COVID eran 2.500 horas ... e logo o sacaban... como se ía poñer a unha persoa se logo teño que sacala...?”

A concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Blanco Gorín: “As horas extraordinarias se puxeron porque cerraron os centros de día e foi para atender ás persoas dos centros de día mentres non volveron abrir”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “E da Xunta vou dicir unha cousa: non hai concellos gobernados polo PP? Están de acordo en que se pague a 9 euros? Agora subiu a 11, por que? ... Non paga 11 a Deputación? A Deputación pagaba a 11 mentres a Xunta pagaba a 9 euros.”



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Vós cando estiveses non tivestes nin a coraxe de pagar os desprazamentos ás persoas que traballaban no SAF”

O Sr. Alcalde-Presidente: “Pero que está dicindo, pagámoslle nós ou págalle a empresa? Que contrato temos nós? Temos contrato?”

Estás falando mal, temos un prezo coa empresa. A nós a empresa nos cobraba “x” cartos, nós pagámoslos, a empresa contrata ao persoal, e non lle teño que dicir como contrata ao persoal nin as condicións laborais que lle ten que poñer, se non lle pagaba os quilometro tería o traballador o problema coa empresa”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Tamén sabe que somos o concello que menos pagamos por horas de SAF ... dígame: canto pagan por horas de SAF por aí adiante?”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Vostede sabe canto paga de SAF a final de ano este concello? É o concello que máis gasta porque cubre a máis xente, xa a cubriamos antes de chegar vós”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Había 150 en lista de espera”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “A Xunta deu máis horas”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Nos estamos indo polo cerros de Ubeda”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Polos cerros de Ubeda non, que estamos falando do SAF”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Estamos falando da aprobación inicial da ordenanza de cesión de materiais de apoio.

Vostede di que lle pagaban a empresa, pero vostedes tiñan que vixiar que se cumprisen as condicións mínimas”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Se cumprían”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Eu sei de xente que estaba indo sen preparación sequera, a empresa non lle pedía aos traballadores o xustificante de que tiveran o curso feito ... non é só contratar á empresa”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Iso tamén pode pasar porque non hai persoas para traballar, porque no concello cada vez que aumentamos as horas se obriga a empresa a coller a máis persoas.

Nós pagamos á empresa”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Pero se empresa non cumpre as condicións... hai máis empresas”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Sr. Alcalde-Presidente: “Eu non tiven queixa de ninguén nese aspecto”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Eu creo que é moi necesario sacar a licitación canto antes”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Xa estamos con iso, xa está o estudo económico feito ...”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Hai que sacar a licitación, pero con podólogos, fisioterapeutas, camas... sabemos que é máis custoso pero sabemos que non queremos un SAF coxo, queremos ter un SAF completo”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Faremos un SAF como creamos que podemos cubri-lo desde o concello de Malpica porque non se tratar de poñer, poñer... e logo ir ao cidadán e subirlle a cota”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Trátase de cubrir as necesidades, os tempos cambian...”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “E nós imos adaptar o SAF á realidade, e nada máis”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Que saques o SAF completo, con podoloxía, con fisioterapeuta...”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “A miña pregunta é: se incrementamos o gasto niso que vós dicides, como o asumimos?, fixestes o estudo? De onde o sacas?”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 6 (5 do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro non adscrito) Votos en contra: 0 Abstencións: 6 (4 do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

<p>5º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA XXXVIII MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO 2022</p>
--

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

O Concello de Malpica Bergantiños ten previsto desenvolver entre os días 4 e 7 de agosto a XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Dadas as características e o interese público que reúne e concorren na XXXVIII Mostra da Olería, que se explicitan na documentación/expediente que serve de fundamento ao presente, se considera que esta debe ser obxecto dunha subvención de concesión directa por parte da Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial.

O citado artigo 16, na redacción dada tras a publicación no BOP, de data 8 de xaneiro de 2021, núm. 4, da modificación acordada polo pleno provincial, en sesión de 30 de decembro de 2020, establece que:

“1. Cando unha persoa interesada considere que unha actividade ou proxecto deba ser obxecto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando unha memoria detallada con datos técnicos, xurídicos, orzamentarios e temporais, na que se xustifique:

a) As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuír economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.

b) O orzamento da actividade ou proxecto.

2. Ademais, deberá de achegarse a documentación seguinte:

a) Documentación económico financeira que poña de manifesto a falta de financiación propia: contas anuais do último exercicio económico, liquidación do Imposto de Sociedades, salvo en caso de estar exentas da súa presentación, consonte o artigo 124 da Lei do Imposto de Sociedades, o balance de comprobación de sumas e saldos emitido á data da solicitude. No caso de entidades públicas, deberá aportar un estado de execución do orzamento, emitido á data da solicitude.

b) Certificado do acordo da asemblea de socios, padroado ou claustro, e, no caso de que o solicitante sexa un concello ou entidade local, certificado do acordo do Pleno da Corporación, no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial. Neste acordo deberá facerse constar o importe da subvención solicitada e do coeficiente de financiación proposto”.

Visto que consta no expediente tramitado ao efecto a documentación esixida polo organismo provincial para que este Concello solicite e resulte beneficiario da concesión directa dunha subvención que contribúa economicamente ao desenvolvemento da XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022.

Considerando que, segundo ten quedado acreditado no expediente, na XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022 concorren razóns extraordinarias de interese público polas que a Deputación no fomento dos intereses da provincia debe contribuír economicamente ao seu desenvolvemento e que non é posible, dado o carácter singular da Mostra, acollerse para o seu financiamento a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou outro plan do ente provincial.

É polo que á vista do anteriormente exposto e de conformidade co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial, se propón a adopción do seguinte,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2022

17/26

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ACORDO:

Primeiro: Aprobar a Memoria de actividades da XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022 na que se xustifican as razóns de interese público polas que a Deputación Provincial no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento da citada Mostra, e que non é posible, dado o seu carácter singular, acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan do ente provincial.

Segundo: Solicitar, xa que concorren e así se ten acreditado razóns de interese público provincial, unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña por importe de 80.000 euros (coeficiente de financiación do 80%) para o financiamento da XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña xunto coa restante documentación que obra no expediente dando cumprimento ao preceptuado polo artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Imos votar a favor”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Imos votar a favor, cando estivemos no goberno deixamos isto ben amarrado, fomos quen de instar á Deputación para que no orzamento de 2022 incluíse unha partida de 80.000 euros, sabemos da importancia para o concello da Mostra e para os oleiros de Buño... E a primeira vez que se recolle nos orzamentos da Deputación a subvención directa de 80.000 € para o concello de Malpica”.

O concelleiro non adscrito, Sr. Cañizo Garrido: “No ano 1979 xa deron a subvención, a están dando hai trinta e oito anos”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Non estaba contemplada nos orzamentos e agora está contemplado nos orzamentos, 80.000 euros para a Mostra de Olería, se non vas aos orzamentos de Deputación e míralo, se daba pero non estaba contemplada nos orzamentos”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “As subvencións da Mostra de Olería e a Mostra do Encaixe estaba establecido como criterio que levaban as dúas a mesma cantidade. A partir da crise de 2007 acordaron que había que baixar as subvencións, como todos os recortes que houbo que facer a nivel xeral, despois as volveron subir, cando eu entrei como alcalde as subvencións estaban sobre 40.000 euros, a de Camariñas era un pouco máis... No ano 2011 ou 2012 se negociou que para Malpica se deixara nos 80.000 euros e para Camariñas creo que eran 120.000 ou unha cousa así. Eu pedín que a incluíran no orzamento porque era sempre un problema, chegabamos tarde, porque había que xerar crédito...”

Isto cambiou todo, as subvencións directas teñen informes desfavorables dos interventores, por que o trouxo vostede a pleno e se trae hoxe aquí para acordalo?, porque cambiou o modelo, antes era unha solicitude, era unha acción política de ir alí, falar co Presidente e conseguir o diñeiro, que xa estaba pactado porque era do ano anterior pero ..., Malpica 80.000 e Camariñas 120.000 había acordo, todo o mundo estaba



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

a favor, era un acordo político, agora as subvencións directas non se poden dar, e agora a incluíron no orzamento, o cal é de agradecer, pero temos que recoñecer que levan trinta e oito anos subvencionando a Mostra de Olería, dunha maneira ou doutra os cartos sempre viñan.

É de agradecer que estea no orzamento, agora o temos que traer aquí, pero ten que ir ao pleno, está no orzamento pero non está concedida, agora se pide por pleno, antes se pedía politicamente”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Debe de ser a primeira vez que vai nos orzamentos da Deputación, é normal que as cousas cambien, o que non pode ser é que un alcalde e un presidente da Deputación se dean a man e se dea unha nominativa... agora hai un pleno dun concello e un pleno da Deputación que así o corroboran... polo tanto, estanos agradecendo a nós que se tramitara”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Eu estou agradecendo á Deputación, porque a propia Deputación cando eu estaba de alcalde na última etapa... xa mo dixo a min o Presidente que ían incluír nos orzamentos xunto coa de Camariñas, que non é só a nosa... pasou un ano e non se incluíu, pasou outro... se queredes levar o mérito de que estea no orzamento... ao fin e ao cabo fai trinta e oito anos que a Deputación dá a subvención”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (5 do grupo municipal do PP; 4 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal do BNG e 1 do concelleiro non adscrito)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

6º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 204/2022, DE DATA 05/05/2022, RELATIVA Á APROBACIÓN, TRAS A SÚA CORRECCIÓN, DO PROXECTO DE OBRA "ACTUACIÓN DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS NA PRAZA FONTE VELLA E RÚA BARREIRO" INCLUIDO NO POS+ 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PLAN COMPLEMENTARIO.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión de data 27/01/2022, aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando, así mesmo, o Plan Complementario e os correspondentes proxectos de obra, entre os que estaba “ACTUACIÓN DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS NA PRAZA FONTE VELLA E RÚA BARREIRO”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan Provincial foi remitido á Deputación por medios telemáticos (a través da Plataforma SUBTEL).

Detectadas diversas deficiencias no proxecto referido (planimetría, cálculos xustificativos das instalacións e a existencia de unidades de obra non subvencionables), a Deputación requiriu ao Concello para que procedera a súa emenda.

Comunicada esta circunstancia ao técnico redactor do proxecto, este procedeu a corrixir as deficiencias detectadas e a presentación dun novo proxecto completo corrixido/emendado. O citado proxecto foi remitido, en data 07/03/2022, ao organismo provincial, sendo informado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios con data 22/03/2022.

Con data 05/05/2022 recíbese requirimento do Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans Provincias, para que se proceda á aprobación do referido proxecto emendado/corrixido.

Considerando o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para aprobación do novo proxecto corrixido, data límite o 06/05/2022, comunicado este último extremo verbalmente, e considerando que as deficiencias detectadas e xa corrixidas non afectaban á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica, esta Alcaldía ditou a oportuna Resolución, en data 05/05/2022, acordando que a mesma fose sometida ao pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre para a súa ratificación, dando así cumprimento ao requirimento efectuado pola administración provincial.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos é polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía 204/2022, de data 05/05/2022, sendo esta do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN TRAS A SÚA CORRECCIÓN DO PROXECTO DE OBRA “ACTUACIONES DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS NA PRAZA FONTE VELLA E RÚA BARREIRO”, INCLÚIDO NO POS+ 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PLAN COMPLEMENTARIO

EXPEDIENTE: 2021/A008/000029

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión de data 27/01/2022, aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando, así mesmo, o Plan Complementario e os correspondentes proxectos de obra entre o que estaba “ACTUACIONES DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS NA PRAZA FONTE VELLA E RÚA BARREIRO”.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan Provincial foi remitido á Deputación por medios telemáticos (a través da Plataforma SUBTEL).

Detectadas diversas deficiencias no proxectos referido (planimetría, cálculos xustificativos das instalacións e a existencia de unidades de obra non subvencionables), a Deputación requiriu ao Concello para que procedera a súa emenda.

Comunicada esta circunstancia ao técnico redactor do proxecto, este procedeu a corrixir as deficiencias detectadas e a presentación dun novo proxecto completo corrixido/emendado. O citado proxecto foi remitido, en data 07/03/2022, ao organismo provincial, sendo informado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios con data 22/03/2022.

No día de hoxe recíbese requirimento do Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans Provincias, para que se proceda á aprobación do referido proxecto emendado/corrixido.

Visto o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para a emenda e aprobación do novo proxecto corrixido, data límite o 06/05/2022, comunicado este último extremo verbalmente e considerando que as deficiencias detectadas e xa corrixidas non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica, polo que queda inalterado o contido substancial do proxecto aprobado no seu día polo pleno, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO :

Primeiro: Aprobar o novo proxecto técnico emendado (documento completo):

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ACTUACIÓNS DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS NA PRAZA FONTE VELLA E RÚA BARREIRO
TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO	ARQUITECTO, D. GONZALO GARCÍA MARTÍNEZ
ORZAMENTO TOTAL	116.126,92 €

Segundo: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

Segundo: Dar traslado do presente á Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Alcalde-Presidente: “A deficiencia foi que o proxecto ía sen firmar dixitalmente”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Nos imos abster”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Vostede dixo que non sabía que modificacións houbera, non que non se acordara, agora di que non se acordaba”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Votos a favor: 6 (5 do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro non adscrito)
Votos en contra: 0
Abstencións: 6 (4 do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

7º.- MOCIÓN DE URXENCIA

Non se presenta ningunha moción.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

O Sr. Alcalde-Presidente di que toda a documentación incluída na dación de contas estivo a disposición dos membros da corporación.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela toma a palabra referíndose aos reparos da intervención municipal e pide que se liciten os contratos de subministros e servizos para evitar os reparos de intervención, e logo se refire a a PMP, ao retraso nos pagos, a raíz dos extraxudiciais, e finaliza pedindo que se corrixan esas deficiencias o antes posible.

O Sr. Alcalde-Presidente di que xa se deu orde de iniciar os procedementos de contratación para sácalos adiante e que se fai o que se pode cos medios persoais existentes.

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta das resolucións da Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación, Resolución 153/2022 a 241/2022.

9º.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2022 ELABORADO POLO ÓRGANO INTERVENTOR (EXPEDIENTE 2022/X998/000208)

Dáse conta do Plan Anual de Control Financeiro para o exercicio 2022 elaborado polo órgano interventor (expediente 2022/X998/000208).

10º.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN SALARIAL SOBRE POSTOS DA ADMINISTRACIÓN (ISPA) CORRESPONDENTE AO ANO 2021, QUE FOI REMITIDA AO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA, NAS DATAS 5 E 6 DE ABRIL DE 2022 EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ARTIGO 7.4 DA ORDE DO MINISTERIO DE HACIENDA 2105/2012, DE 1 DE OUTUBRO, (EXPEDIENTE 2022/X999/000188).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Dáse conta da información salarial sobre postos da administración (ISPA) correspondente ao ano 2021, que foi remitida ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública, nas datas 5 e 6 de abril de 2022 en aplicación do disposto no artigo 7.4 da Orde do Ministerio de Hacienda 2105/2012, de 1 de outubro, (expediente 2022/X999/000188).

11º.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022, CALCULADO CONSENTE AO ESTABLECIDO NO RD 635/2014, DE 25 DE XULLO, ENVIADO AO MINISTERIO DE HACIENDA EN DATA 22/04/2022 (EXPTE. 2022/X998/000081).

Dáse conta do período medio de pagamento do primeiro trimestre do exercicio 2022, calculado consente ao establecido no RD 635/2014, de 25 de xullo, enviado ao Ministerio de Hacienda en data 22/04/2022 (expte. 2022/X998/000081).

12º.- DACIÓN DE CONTA DA MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022, EN APLICACIÓN DO ARTIGO CUARTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, ENVIADA AO MINISTERIO DE HACIENDA EN DATA 28/04/2022. ASÍ MESMO, DÁSE CONTA DOS INFORMES DE TESOURARÍA E INTERVENCIÓN EMITIDOS EN DATA 28 DE ABRIL DO PRESENTE ANO (EXPTE. 2022/X999/000213).

Dáse conta da morosidade correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2022, en aplicación do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, enviada ao Ministerio de Hacienda en data 28/04/2022. Así mesmo, dáse conta dos informes de tesouraría e intervención emitidos en data 28 de abril do presente ano (expte. 2022/X999/000213).

13º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESTADOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022, REMITIDOS AO MINISTERIO DE HACIENDA EN DATA 28/04/2022 EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ARTIGO 16 DA ORDE DO MINISTERIO DE HACIENDA 2105/2012, DE 1 DE OUTUBRO (EXPTE. 2022/X998/000079).

Dáse conta dos Estados de execución do orzamento, correspondentes ao primeiro trimestre do exercicio 2022, remitidos ao Ministerio de Hacienda en data 28/04/2022 en aplicación do disposto no artigo 16 da Orde do Ministerio de Hacienda 2105/2012, de 1 de outubro (expte. 2022/X998/000079).

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Na dación de contas no puntos núm. 8, resolucións da alcaldía, está o expediente 2022/T003/000004 “Aprobación Pagamento de facturas” ... no anterior pleno falouse do alumeado de Nadal, hai dúas facturas unha por 14.520 outra por de 10.539 e unha terceira de 331,54 de alumeado de nadal”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “As facturas están aí para velas”.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ROGOS

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Ante o recente pasamento de Luis Cancela Vecino, o pasado 17 de maio, queremos destacar a súa labor e traxectoria como o primeiro Alcalde elixido democraticamente no ano 1979 permanecendo no cargo ata o ano 1991.

Durante as tres lexislaturas nas que foi o responsable do Concello de Malpica, realizou unha inxente labor que perdura no paso do tempo. Foi Luís Cancela quen puxo en funcionamento os principais servizos e infraestruturas, e realizou unha labor importantísima tanto no eido cultural como no deportivo.

En canto a súa traxectoria laboral, ademais de como alcalde do Concello de Malpica, foi profesor do IES do Monte Neme de Carballo, do que tamén foi director, dedicando ao ensino toda a súa vida profesional. Un bo político, bo mestre e mellor persoa.

Tendo en conta a súa traxectoria e dedicación aos veciños e veciñas do concello de Malpica, a honestidade e o traballo desenvolvido durante o seu mandato e o recoñecemento por parte da maioría da veciñanza a Luis Cancela como “*o mellor alcalde que tivo Malpica*” dende o BNG consideramos que debe ter unha mención especial sen menosprezo da labor realizada por outros alcaldes ou mandatarios posteriores. Por todo o exposto:

Rogamos, ao equipo de goberno do Concello de Malpica, o inicio dos trámites e xestións oportunas, previo consenso de todos os grupos da corporación,

1º.- A realización dun acto público de recoñecemento a Luis Cancela Vecino pola súa traxectoria política, como Alcalde do Concello de Malpica, pola honestidade, xenerosidade, polo traballo realizado na defensa dos intereses de todas as veciñas e veciños.

2º.- Nomear unha rúa ou espazo urbano co nome de Luis Cancela Vecino.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Moi ben, tomaremos nota pero xa o sabemos porque o presentastes polo rexistro”.

PREGUNTAS

O Sr. Alcalde-Presidente: “Eu vós pido por favor que as pasades por escrito porque teño que marchar, me saíu unha viaxe e teño que estar ás dez da noite, xa vou moi tarde, é algo persoal e teño que saír, se non as tedes por escrito as podedes presentar mañá”.

A continuación se formulan as seguintes preguntas polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela e o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “A raíz dos problemas xurdidos polo cambio de ubicación dos postos da feira dos sábados para a rúa



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Vila Fano: Quen se encarga da distribución e ubicación dos postos? Teñen solicitado á Xunta de Galiza a utilización da vía?

No anterior pleno ordinario demos conta dunha agarradoira en moi mal estado para persoas con discapacidade no baño do mercado municipal, a día de hoxe segue sen arranxar: Cando teñen pensado facelo? Cando se faga dano algunha persoa que o utilice? Teñen pensado poñer papeleiras como lles solicitaron?

Desde a Consellería do Mar ou desde Portos informáronlles, ou teñen xa datos, sobre os estudos que están a facer das correntes na dársena de Malpica? Ou aínda temos que seguir esperando?

No anterior pleno ordinario do 31 de marzo fixemos un rogo para que se fixeran as xestións oportunas ante a Xunta de Galiza para instalar un caixeiro en Buño mediante o convenio que a Xunta ten con Abanca: Fixo algunha xestión?

Fixeron alegacións ao proxecto do Parque Eólico de Monte Neme?

Nos medios de comunicación saíu a noticia de que a Xunta obtivo un millón de euros dos fondos *Next Generation* para a rexeneración do entorno da mina de Monte Neme: Puxéronse en contacto vostedes coa Xunta ou a Xunta con vostedes, para informarse ou saber en que vai consistir dito proxecto?

En que punto se atopan os pregos da licitación para de renovación do alumeadado público?

No alumeadado de Nadal vemos que hai tres importes procedentes de diferentes provedores, de 14.520 e 10.539 euros, en concepto de aluguer, e 331,54 euros, en reparación e comprobación dos arcos navideños, cal foi o custe?

Cal foi a inversión real que realizou o Concello na Festa da luz? E na Festa da Xuventude? Na Mikaela?

Festas de Santiso, 6 febreiro, 5.817 euros: Quen as organizou? o Concello ou a Comisión?

Na rúa Vila Fano: Estiveron arranxando as deficiencias que tiña? Temos queixas da veciñanza de que seguen tendo os mesmos problemas, ruído das arquetas e das lousas de formigón. Que solución lle van buscar a este problema?

En canto ás acusacións do concelleiro non adscrito, Sr. Cañizo, que acusaba ao anterior alcalde o Sr. Pardo, de roubar unha impresora do Concello: Fixo vostede algunha xestión ou investigación para esclarecer o asunto?

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Na obra camiño do Río só faltaba o permiso de Portos, unha renovación: Xa chegou? En que fase está?

O camiño de Cambre a Pedrosa, non necesitaba permisos: Está licitada? En que fase está se non está licitada? Se está licitada a quen se adjudicou?



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O camiño da Camposa en Buño se estaba licitando, está adxudicada?

O camiño da Besugueira, en Barizo, faltaba o permiso de Demarcación de Costas que sabemos que xa chegou, faltan máis permisos? Se está licitando?

O camiño Campelo-Barizo está licitado? Está adxudicado? Lle falta algún permiso?

Hai unha furgoneta alugada polo concello, aparcada sen moverse desde fai uns meses na rúa que baixa á praia, sabemos que foi usada polo concelleiro de servizos mentres tiña o coche particular no taller, segue estando alugada polo concello? Estamos a pagar un servizo que non estamos a usar?

Que se está a facer en colaboración cos refuxiados de Ucraína?

O Concelleiro de turismo dixo no pleno que ía traer un informe detallado das xestións realizadas en FITUR tanto polo concelleiro de turismo como polo concelleiro de obras, non o trouxo: Está o informe feito? E se está feito vánnolo entregar?

Respecto ás facturas que dixen antes ese importe de 14.520, 10.539 e 331,54..., vai dicir realmente o Sr. Alcalde canto se gastou no alumeado de Nadal?

Tamén se dixo polo concelleiro de servizos que o alumeado das festas non ían ter custe ningún que ía incluído no custe das luces de Nadal, hai unha factura das festas de Santiso de 2.960,69 €, de arcos de festexo, ... van seguir vindo facturas de alumeado de Nadal e de festas todo o ano?

Ao rematar o curso, supoño que comezarán a substituír as ventás de Barizo ou non chegaron a un acordo vostede e o Sr. Cañizo para substituír as ventás de Barizo? Segue servindo o prezo no que adxudicamos nós ou subiu o prezo?

Hai unha factura de traballos realizados na Cabalgata de Reis montaxe e desmontaxe ... nós pensabamos que estaba todo pagado, cal é o importe real da Cabalgata de Reis?

Houbo movementos respecto ao PXOM, sabiamos que había que licitar a parte que faltaba, estase a facer algún movemento respecto ao PXOM?

E non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente procede a levantala, sendo as 21:00 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

O Alcalde-Presidente,

Asd: Eduardo J. Parga Veiga

A Secretaria,

Asd: M^a Loreto López Fernández